



## **BOIRO CONTA DENDE ONTE CUNHA NOVA EMBARCACIÓN PNEUMÁTICA PARA EMERXENCIAS.**

A Xunta de Galicia por medio da Consellería de Presidencia - Dirección Xeral de Emerxencias fixo entrega no día de onte dunha nova embarcación pneumática de 4 metros de eslora ao Concello de Boiro.

Este equipamento forma parte dun ambicioso plan de mellora dos medios materiais dos que dispón a Comunidade Autónoma e que permitirá mellorar a eficacia das actuacións na prevención de riscos e nas intervencións de emerxencias.

Xúntase así esta nova adquisición ao resto de recursos operativos aportados pola Xunta de Galicia neste último ano a Boiro que inclúe unha furgoneta, unha carpa de emerxencias e un remolque dotado con todo tipo de material.

O Alcalde xunto co Xefe de Servizo foron os encargados da recepción da lancha.

Boiro, 1 setembro 2016